

Así foi o primeiro trimestre

Facémosvos chegar este documento, que recibiredes cada trimestre, co que pretendemos contarvos o máis destacable que tivo lugar ó longo destes meses. Esta información é o complemento da reflexión levada a cabo polos vosos fillos/as no boletín 'as novas da escola' que eles mesmos elaboraron.



Lembrede que tedes máis información, acompañada de fotografías, na **páxina web** do centro <http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino> (no recanto de INFANTIL 2), nela poderás atopar a totalidade dos traballos realizados, que como observaredes son moitos máis dos que levan no seu dossier trimestral para casa, así como unha explicación de cada un deles.



Comezou o curso coa **incorporación de novos compañeiros/as de tres anos e outros de cinco que antes estaban na E.E.I. Cerdeiras**, que en moi pouco tempo lograron adaptarse a este novo grupo que creamos entre todos. Nestes primeiros días de clase tamén refixemos os rexistros, elaboramos as normas da aula, creamos as bandexas para a merenda... Con estes traballos pretendiamos que o alumnado se fixera consciente do seu papel na aula, aportase ideas e as compartise cos compañeiros/as e se fose adaptando ás rutinas e traballo na aula.


Comezamos a explorar o **aspecto funcional da lecto-escritura** coa elaboración de carteis e a reelaboración das **normas da aula**, nas que ó empregar as súas fotografías como 'actores', traballamos a identidade propia e as posibilidades expresivas dos seus corpos.



Iniciamos tamén este curso unha nova forma de celebrar os **cumpreanos** en ámbalas dúas aulas de infantil, elaborando unhas tartas de cumpreanos, feitas polos compañeiros/as que cumpriran anos en cada mes, escribindo listas de ingredientes, receitas das mesmas, etc



Cada día levamos a cabo unha serie de **rutinas e rexistros** encamiñadas a traballar unha varios aspectos. Entre estes rexistros atopamos: o encargado, o calendario, o cómputo de compañeiros/as que viñeron á aula ou quedaron na casa, o tempo meteorolóxico... En relación ó rexistro do tempo meteorolóxico levamos a cabo un cómputo mensual de cantos días choveu, cantos fixo sol.. como un **modo funcional de empregar a serie numérica**.



Cada venres, fixemos o **préstamo de libros da nosa biblioteca de aula**, empregando dunha forma funcional a escritura e a serie numérica,



facendo o rexistro de cada libro usando o ordenador, **cunha ferramenta que podeades atopar no recanto de infantil da web**, e que de seguro os vosos fillos e fillas estarán encantados de explicarvos como funciona.

Iniciamos neste trimestre o noso primeiro gran **proxecto de investigación do curso**, neste caso sobre os **Dinosaurios**; un tema que xurdiu na aula xunto outros, e que foi elixido de forma democrática. Para levar ar cabo este proxecto, que remataremos en xaneiro, solicitamos a colaboración das familias como fonte de información. Agradecemos á importante colaboración que mantivéstedes ó longo de todo o proxecto. Con estas investigacións, máis aló dos contidos específicos que se puidesen adquirir, que son en todo caso secundarios, buscamos que os nenos/as adquiriran estratexias de busca de información, plantexamento de preguntas, formulación de hipóteses, traballo en grupo, plasmación e verbalización do aquirido, reconstrucción das ideas previas coa chegada de novos 'descubrimentos'. Todo este proxecto ten a súa plasmación nun **mural e nun dossier**, que levarán para casa unha vez rematado, o mes que ven, así como noutra serie de actividades relacionadas como a **excavación real** da aula, convertíndose os alumnos/as en verdadeiros paleontólogos. Invitámosvos a **facer un seguimento deste proxecto e do proceso do mesmo na web** do centro no recanto de infantil 2, e que o comentedes cos vosos fillos/as o que se sinala nos diferentes artigos publicados.



caso sobre os **Dinosaurios**; un tema que xurdiu na aula xunto outros, e que foi elixido de forma democrática. Para levar ar cabo este proxecto, que remataremos en xaneiro, solicitamos a colaboración das familias como fonte de información. Agradecemos á importante colaboración que mantivéstedes ó longo de todo o proxecto. Con estas investigacións, máis aló dos contidos específicos que se puidesen adquirir, que son en todo caso secundarios, buscamos que os nenos/as adquiriran estratexias de busca de información, plantexamento de preguntas, formulación de hipóteses, traballo en grupo, plasmación e verbalización do aquirido, reconstrucción das ideas previas coa chegada de novos 'descubrimentos'. Todo este proxecto ten a súa plasmación nun **mural e nun dossier**, que levarán para casa unha vez rematado, o mes que ven, así como noutra serie de actividades relacionadas como a **excavación real** da aula, convertíndose os alumnos/as en verdadeiros paleontólogos. Invitámosvos a **facer un seguimento deste proxecto e do proceso do mesmo na web** do centro no recanto de infantil 2, e que o comentedes cos vosos fillos/as o que se sinala nos diferentes artigos publicados.



Participamos tamén na celebración do **Samain** e do **Magosto** cando chegou o outono, cunha serie de actividades que tamén atoparedes explicadas, máis polo minudo, na páxina web do centro, no recanto de infantil 2.

Coa chegada do **Nadal** ademáis de preparar as nosas actuacións para o Festival e elaborar tódolos elementos que precisariamos para ela, construímos unha árbore de Nadal empregando retais de tela e decorámola con material de refugallo, traballando deste xeito aspectos relacionados coa reciclaxe. Deste modo, coa elaboración por parte dos vosos fillos/as do boletín 'As novas da escola', rematamos este primeiro trimestre. Boas festas a todos e todas.



Decembro 2012